

QUE É PARA TI O GALEGO?.

O galego é a nosa lingua nai a que nacemos, medramos e aprendemos; por iso lle temos moito aprecio _ María

Falando galego recordámonos da nosa infancia e das raíces do noso pobo galego _ Alberto




O galego é a lingua do noso pobo e falámolo porque é bonito falar o idioma da nosa terra e, ao mesmo tempo, sentímonos orgullosos de falalo _ Jaime



O galego procedo do latín, falábano ata os visigodos, por iso o debemos conservar _ José Manuel

Falamos galego e estamos orgullosos de falalo _ Esther



RESPONDEN OS PAIS E NAIS DOS NÓSOS ALUMNOSIAS

É un idioma que nos ensinaron de pequenos _ Claudio
Para nós é a nosa fala _ M^a Carmen



É a lingua materna _ María
Un día elixido, nada máis _ Carlos
A lingua galega para min é a vida do meu corazón _ Ángela
A lingua galega para min é outra lingua que falar _ Sofía



*O galego é o sinal que nos representa como pobo galego que somos. Nós, sentémonos orgullosos de ser galegos. _ José Luis
Debemos conservalo xa que é o idioma que falaban os nosos antepasados, foi o idioma que defenderon por riba de todo e que foron transmitindo de xeración en xeración _ Dulce M^a*



*O galego é a herdanza que nos deixaron os nosos antepasados _ M^a
Jesús*



*O galego é o símbolo da cultura, tradicións e festas do noso pobo _ María José
Falar o galego é un privilexio por ser o idioma propio do noso pobo _ Darío*



Tanto o galego como Galicia forma e é un pedaciño de nós _ Verónica

Galicia é a terra que nos viu nacer _ Miguel

O galego é a nosa lingua e deberíamos falalo todos _ M^a Jesús



Para nós o galego é todo porque somos galegos de nacemento e de corazón _ Avelino e Inés



O galego é unha lingua moi importante porque é a lingua de Galicia. É un orgullo falar galego porque se loitou por el moitos anos e, por fin, o podemos falar sen tabús _ Reme

O galego é a lingua que se fala en Galicia, é a lingua que herdei dos meus pais e dos meus antepasados. Síntome moi satisfeito de falar galego porque é unha lingua máis na sabeduría _ Abel



Pra min o galego é unha forma de expresarse moi sinxela e fermosa. Fálloo porque é un idioma que me gusta. Síntome orgullosa de falalo.



Un modo de expresarse, o acto de ser galego é fenomenal _ Aparecida



O galego é unha lingua que nunca se debe perder. Todos debemos falar galego. Viva o galego! Vivamos como galegos e transmitámolo a toda a xente. Falade xa galego! _ Noelia





En Galicia tense que falar galego porque se non o falamos aquí esta fermosa lingua perderase xa que en ningún sitio máis se fala_ Alfredo

É a nosa lingua; unha das linguas máis fermosas. É a nosa identidade, algo do que debemos estar orgullosos e defendela sempre e darlle uso día a día para que cada vez teña máis importancia e non caia no olvido para as vindeiras xeracións. Ter unha lingua e ter un tesouro _ Fernando, María, Noela e Mateo

*O galego enxebre, froito da nosa terra, regádeo, regádeo moito para nunca, nunca xamais, se esqueza _ Fernando.
O galego é a lingua oficial de Galiza polo que todos os galegos temos a obriga de falala _ Alex
O galego patrimonio da nosa humanidade _ Ángeles*



Para nós o galego é parte da nosa cultura, é a lingua na que nos expresamos, forma parte de nós día a día. En galego falamos e en galego pensamos. É a lingua de Galicia



*O galego é o meu idioma; fáloo porque mo ensinaron de pequeniño _ Rosendo
Unha vez fun a Andalucía, cando me sentiron falar decían: unha galega, e fala o falego cerrado de todo _ Rosario
Na miña casa a todos nos gusta falar galego _ Tania
Gústame falar o galego e facer contos en galego _ Patricia*

